

GREEN BOOK

[Peter Farrelly, 2018]

481

ESTREA EN NUMAX: 01.02.2019 | V.O.S.E. | +12

Green Book (2018, 130')

Dirección: Peter Farrelly

Guión: Brian Hayes Currie, Peter Farrelly, Nick Vallelonga

Elenco: Viggo Mortensen, Mahershala Ali, Iqbal Theba, Linda Cardellini, Ricky Muse, David Kallaway, Montrel Miller, Harrison Stone, Mike Young, Jon Michael Davis, Don DiPetta

Son: Martin Lopez, Richard Schexnayder

Montaxe: Patrick J. Don Vito

Música: Kris Bowers

Dirección de arte: Scott Plauche

Vestuario: Betsy Heimann

Fotografía: Sean Porter

Produtoras: Universal Pictures, Participant Media, DreamWorks SKG, Innisfree Pictures, Wessler Entertainment (EEUU)

Distribuidora: eOne Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.00:1

Idioma orixinal: Inglés, italiano, ruso, alemán

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 2019 (Nomeado a mellor filme, actor principal —Viggo Mortensen—, actor secundario —Mahershala Ali—, guión orixinal e montaxe), Globos de Ouro 2019 (Mellor comedia, guión e actor de reparto —Mahershala Ali—), BAFTA 2019 (4 nominacións), Toronto 2018 (Premio do Público), National Board of Review (Mellor filme e actor —Viggo Mortensen—)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Carta blanca, 2011

Matrimonio compulsivo, 2007

Amor en juego, 2005

Amor ciego, 2001

Yo, yo mismo e Irene, 2000

Algo pasa con Mary, 1998

Dos tontos muy tontos, 1994

SINOPSE

Cando Tony Lip, un rudo italoamericano do Bronx, é contratado como chófer do virtuoso pianista Don Shirley durante unha xira de concertos polo Sur de Estados Unidos, deberá confiar n'*O libro verde*, unha guía dos poucos establecementos seguros para os afroamericanos, para atopar aloxamento. Ambos terán que facer fronte ao racismo e os prexuizos, pero terán que deixar de lado as diferenzas para sobrevivir e prosperar na viaxe da súa vida.

«Viggo Mortensen e Mahershala Ali rouban gargalladas e corazóns»

Daniel García Mantilla, FOTOGRAMAS



“O humor procede dos propios personaxes non da escrita do guión”

Entrevista con Peter Farrelly

Por Fred Topel

Sabemos que como director es quen de facer unha chea de cousas diferentes, pero *Green Book* é o teu primeiro drama. Tiveches que convencer os estudos de que podías facer máis ca comedia? Si, e non foi unha empresa

doadada. Tiñamos un guión moi bo escrito xunto a Brian Hayes Currie e Nick Vallelonga pero non puiden movelo até conseguir que Viggo [Mortensen] e Mahershala [Ali] aceptasen participar. Tan pronto como conseguín a súa implicación os estudos comezaron a mirar o proxecto en detalle. Mesmo así non pensaban que o filme tivese moito potencial, considerábano un filme de xénero e escaso orzamento. Era complicado. Tiñamos só 20 millóns de dólares para gravar en sete semanas pero ao final todo saíu ben.

Cando fas dramas non traballas con Bobby [Farrelly]? Non tiña pensado facer un filme por separado, a verdade. Tería preferido traballar co meu irmán mais el non podía por motivos familiares.

O desenvolvemento do guión tivo lugar en 2016 coas eleccións e o auxe do racismo. Tivo iso algo que ver á hora de lembrar á xente os horrores do pasado? Cando fixemos o filme era consciente de que a historia ía acadar

unha forte resonancia hoxe, se ben eu xa tiña a historia en mente ben antes de que comezase toda esta leira. Nesa época os policías comezaron a levar cámaras enriba e puidemos ver actuacións realmente censurábeis a cargo duns cantos axentes. Había cousas que semella que a xente branca do meu país non quería admitir e de súpeto emitíano cada serán nas nosas salas de estar. Creo que se o filme se tivese feito antes dos últimos dous anos a xente tería levado a historia ao seu terreo para tirarlle beneficio.

Fuches quen de introducir o humor en escenas nas que representabas o racismo? O que non queríamos era facer grazas co asunto, e non as fixemos. Todo o humor que puido agromar fíxoo de seu, de xeito natural por tratarse dunha historia de parella realmente extravagante. Temos un pianista negro con tres doutorados viaxando durante dous meses cun italoamericano sen graduado escolar que coquetea con ideas racistas. Obviamente xurdían situacións peculiares pero viñan dos propios personaxes, non forzadas polo guión. Pódoche dicir honestamente que cando escribín o guión non me pareceu especialmente divertido. Foi cando ambos actores asumiron o seu papel que me dei conta de que o humor estaba aí.

Nas túas comedias tes declarado que che gusta facer proxeccións de proba para ollar a reacción do público nas escenas cómicas. Foi así no caso de *Green Book*? Si, e foi moi tensa a sesión. Tiñamos un público que era metade branco, metade negro. Pensaba que os

espectadores negros ían levantarse e dicir: «Que é isto? Eu xa coñezo esta merda, non preciso vela de novo». Pero non foi así. Ao remate do filme estaban felices porque se amosase unha realidade que non aparecía no cinema. Esa recepción fíxome gañar confianza. Pero o máis impactante era ver como rían a esgalla durante a proxección, iso non o esperaba. Agardaba pequenos risos pero sorprendeume o rápido que o público procesaba o racismo inicial de Tony Lip e comezaba a gozar da súa personalidade e da súa relación co Dr. Shirley.

Na vida real Tony e Shirley viviron máis aventuras xuntos logo da viaxe que narras en *Green Book*? Un ano ou dous máis tarde, o Dr. Shirley convidou a Tony a viaxar a Europa con el. Ía facer unha xira europea pero a muller de Tony, Dolores, púxose diante del e díxolle: «Nin de broma vas ti para Europa». E iso foi todo. Segundo Nick Vallelonga algunhas veces ten ido con seu pai ao apartamento do Dr. Shirley e este pedíalle certas axudas a Tony pois sabía que estaba ben relacionado.

E que vai ser o seguinte, volta á comedia ou máis drama? Se che son sincero non o teño claro. Teño varias ideas pero todavía están por definir. Teño varias ofertas pero teño claro que non vou aceptar proxectos simplemente porque poidan dar bo resultado. Cando me chega un proxecto o primeiro que penso é que lle podo achegar eu que non estea xa escrito no guión. Deixei pasar bastante material e aínda non sei que será o seguinte.

Publicado en www.slashfilm.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

